

**PREZO PÚBLICO POR VENTA DE PRODUCTOS DO CENTRO OCUPACIONAL MUNICIPAL “A ESCADA” DE PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL DO CONCELLO DE CULLEREDO**

**Artigo 1.- Concepto, fundamento e natureza**

1. De conformidade co que establecen os artigos 41 e 127 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello estable os prezos públicos que se regulan na presente Ordenanza pola venda de produtos prestación de servizos del Centro Ocupacional Municipal.
2. As actividades que fundamentan o prezo público regulado nesta ordenanza están constituídos pola venda dos produtos elaborados nos seguintes talleres do Centro Ocupacional Municipal “A Escada” do Concello de Culleredo, de conformidade cos modelos e clases recollidos no artigo 4, de xeito individual ou formando conxuntamente un pedido personalizado ou non, solicitado de xeito anticipado por un cliente.
3. De conformidade co que determina o artigo 2.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se proba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e os artigos 3 e 43 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exencións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e de aplicación supletoria á Administración Local, este prezo público ten o carácter de ingreso ou recurso de Dereito Público, e para a súa cobranza o Concello ostenta as prerrogativas establecidas legalmente para a Facenda do Estado e actuará, no seu caso, conforme aos procedementos administrativos correspondentes.

**Artigo 2.- Procedemento para o establecemento, modificación e fixación dos prezos públicos**

1. O establecemento, modificación e fixación dos prezos públicos efectuarase pola Xunta de Goberno Local, previo ditame da comisión informativa correspondente, de conformidade co establecido no artigo 47 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se proba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
2. Os acordos de establecemento, modificación e fixación dos prezos públicos, unha vez adoptados pola Xunta de Goberno expoñeranse no taboleiro de anuncios dos distintos edificios municipais e no Boletín Oficial da Provincia.
3. O procedemento para a adopción dos acordos a que refiren os apartados anteriores deberá conter, como mínimo:
  - a. Proposta de establecemento, fixación ou modificación do prezo público formulada conxuntamente polas concellerías de Benestar e pola de Facenda.
  - b. Informe da xefatura de servizo á que pertence o Centro Ocupacional Municipal “A Escada”.
  - c. Memoria ou informe económico-financieiro, que deberá prever os seguintes aspectos:
    1. Xustificación do importe dos prezos que se propoñan.
    2. Grado de cobertura financeira dos respectivos custes económicos.
    3. As previsións orzamentarias oportunas para a cobertura da parte do prezo subvencionada cando se faga uso das facultades previstas no artigo 4.1 desta Ordenanza.
  - d. Ditame da Comisión de Economía e Facenda.

**Artigo 3.- Obrigados ao pago**

Están obrigados ao pago dos rezos públicos aquí contemplados as persoas ou entidades xurídicas que adquiren os produtos enumerados nesta ordenanza.

#### Artigo 4.- Importe do prezo público

1. O importe dos prezos públicos fixados nesta ordenanza ven determinada de modo que cubra, como mínimo, o custe económico da actividade desenvolvida para a prestación do servizo salvo que, de conformidade co artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, salvo que existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen. Neste caso o concello poderá fixar prezos públicos por debaixo dos límites previstos.
2. Os prezos que haberán de satisfacer os usuarios por cada produto serán os que se sinalan:

PRODUTO	PREZO
Caixa bixutería 6 cm.	1,00 €
Caixa bixutería 8 cm.	1,50 €
Caixa bixutería 11 cm.	2,50 €
Caixa bixutería 13 cm.	3,00 €
Caixa bixutería 15 cm.	4,00 €
Caixa bixutería 17 cm.	5,00 €
Broches serpentina	2,00 €
Mesas decoradas	20,00 €
Carpeta grande	6,00 €
Carpeta grande	4,00 €
Marcapáxinas	0,50 €
Lapis	0,30 €
Marco foto dobre grande	2,50 €
Marco foto dobre pequeno	1,25 €
Marco foto individual grande	1,50 €
Marco foto individual pequeno	0,65 €
Lapiseiro de cartón	1,20 €
Taco de notas	1,50 €
Caixa para clips	1,35 €
Libros grandes	4,00 €
Libros medianos	2,85 €
Libros pequenos	2,00 €
Libretas ¼ pegadas	1,30 €
Libretas ¼ espiral	1,50 €
Libretas 1/8	1,00 €
Libretas neveiras	1,25 €
Tarxetas regalo	0,40 €
Libretas recicladas	0,50 €
Recordatorios cerimoniais	1,50 €
Pendientes colgar	3,00 €
Pendientes botón	1,50 €
Colar	3,00 €
Chaveiro	2,00 €
Pulseira peche	1,50 €

Pulseira nome	2,00 €
Pulseira de fíos	0,50 €
Pulseira cordón	0,50 €
Bolas de nadal 10 cms. <sup>1</sup>	1,50 €
Bolas de nadal 8 cms.	1,00 €
Bolas de nadal 5 cms.	0,70 €
Coroa decorativa natural simple	3,00 €
Coroa decorativa natural con porexpan	5,00 €
Adornos de cartulina para as árbores	0,25 €
Adornos de madeira para as árbores	0,75 €
Postais navideñas	0,50 €
Bolsas de papel 20,5x28 cm. <sup>2</sup>	2,00 €
Bolsas de papel 17x12 cm.	1,00 €
Bolsa 8x6,5 cm.	0,50 €
Libreta de cordón grande.	2,50 €
Libreta de cordón pequena.	1,50 €
Libro de firmas para vodas pequeno A 4	7,50 €
Libro de firmas para vodas A 3	15,00 €
Recordatorio voda grandes	2,50 €
Libretas espirais serpentinas	2,00 €
Bolsas nadal pequenas	1,50 €
Bolsas nadal grandes	2,50 €
Caixas decoradas	12,00 €
Tabletas decorativas	4,00 €
Libretas con cierre de cordón	1,00 €
Portafotos/notas madeira.	0,50 €
Portafotos/notas metal.	1,00 €
Arbores nadal pequenos 20 cm.	2,50 €
Arbores nadal grandes	5,00 €

3. No sucesivo, a incorporación de novos produtos ao catálogo, coa determinación dos seus prezos, así como a modificación / baixa dos mesmos, acordarase pola Xunta de Goberno Local conforme o procedemento regulado no artigo 2.

#### **Artigo 5.- Xestión, administración e cobro do prezo público**

<sup>1</sup> Os produtos navideños foron incluídos mediante acordo da XGL 29/01/2013

<sup>2</sup> Os produtos dende Bolsas de papel 20,5x28 cm ata Arbores nadal grandes foron introducidos mediante acordo da XGL 14/12/2015 publicado no BOP num 2, de 05/01/2016

1. A xestión destes prezos públicos efectuarase polo propio Centro Ocupacional Municipal.
2. A persoa técnica responsable do Centro Ocupacional Municipal é a representante da Corporación para a administración e cobro do prezo público regulado na presente ordenanza.
3. Os encargos documentaranse en facturas numeradas e por triplicado, das cales unha quedará en poder do Centro, outra para o usuario e a terceira remitirase a Intervención. A recadación ingresarase na entidade bancaria sinalada por Tesourería.
4. O técnico responsable do Centro Ocupacional realizará a liquidación dos ingresos realizados mensualmente que presentará en Tesourería, expedíndose o correspondente mandamento de ingreso e carta de pago xustificativa.
5. Durante a vixencia desta Ordenanza, a proposta da Intervención ou Tesourería, o Alcalde ou Concelleiros delegados de Facenda, poderán acordar calquera cambio na forma de administración e cobro do prezo público que é obxecto desta regulación.
6. De conformidade co que dispón o artigo 46.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co 48.6 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exencións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, de aplicación supletoria á Administración, as débedas que puidesen producirse por este prezo público esixiranse polo procedemento administrativo de prema, cando transcorresen seis meses desde o seu vencemento sen que se puidese conseguir o seu cobro, a pesar de terse realizado as xestións oportunas.

#### **Disposición adicional**

As contías do prezo público reguladas na presente ordenanza están gravados co IVE correspondente.

#### **Disposición final**

A presente ordenanza, aprobada definitivamente polo Concello Pleno, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.